



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

BASES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN/HA ARQUITECTO/A PARA O CONCELLO DE CARRAL POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN

PRIMEIRA- OBXECTO DA CONVOCATORIA:

O obxecto das bases é a selección de persoal mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de carácter temporal de un/ha arquitecto/a (persoal Laboral Temporal, Grupo I, a xornada parcial, vinte e cinco horas á semana, durante seis meses) para os efectos de atender necesidades derivadas do exceso e da acumulación de tarefas no departamento de Urbanismo e Obras a través dun contrato eventual por circunstancias da produción.

Entre outras, as funcións principais do posto versarán sobre:

- Elaboración de proxectos técnicos.
- Levanza de dirección técnica de obras.
- Realizar e supervisar traballos técnicos referidos ao planeamento municipal e á xestión urbanística, así como a emisión de informes relativos ás funcións propias do posto.
- Elaborar e supervisar as memorias e orzamentos de obras para a solicitude de subvencións.
- Elaborar pregos e valoración das ofertas correspondentes a súa área de traballo.
- Supervisar o correcto cumprimento dos contratos relacionados coa súa área de traballo.
- Realizar calquera outra función, propia da súa categoría, que se considere necesaria para o correcto funcionamento do Servizo adscrito.

As presentes bases regulan a selección de persoal da citada categoría de acordo co artigo 11, do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP), co 26, da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEG), co Real decreto legislativo 2/2015, do 2 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET) e co Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro,



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade do emprego e a transformación do mercado de traballo polo que se modifica o artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

SEGUNDA.–REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Estar en posesión da titulación habilitante para o desenvolvemento da profesión de arquitecto/a. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión (na mesma data do remate do prazo para presentar instancias) da credencial que acredite a súa homologación, expedida polo organismo competente.
- b) Posuír a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP)
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionario ou persoal laboral da administración pública. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Non estar incurso/a en causas de incompatibilidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Se realiza algunha actividade privada, incluída a de carácter profesional, terao que declarar no prazo de dez días naturais contados a partir do día de inicio do contrato, para que a corporación acorde a



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

declaración de compatibilidade ou incompatibilidade.

Todos os requisitos esixidos nesta bases deberanse cumprir polas persoas aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da contratación.

TERCEIRA.–PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base segunda desta convocatoria.

Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse mediante a achega coa solicitude de participación no proceso de selección de certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado. Igualmente coas solicitudes de participación nos procesos de selección deberán aportarse as solicitudes de adaptación de tempos e medios ás que as persoas aspirantes con discapacidade teñan dereito, para o desenvolvemento do proceso selectivo con plena garantía do dereito de acceso ao emprego público en condicións de igualdade, consonte ao disposto no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade, así como á normativa vixente en materia de función pública de concordante aplicación, aos efectos tanto do seu estudio e resolución polo órgano de selección, como da adecuada disposición dos medios técnicos e humanos necesarios ao efecto con antelación á celebración das probas selectivas. O órgano de selección poderá requirir informe e, se é o caso, colaboración dos órganos técnicos competentes da Administración laboral ou sanitaria da Xunta de Galicia para efectuar de xeito adecuado as ditas adaptacións.

A presentación de solicitudes poderá facerse no rexistro xeral do Concello ou en calquera das formas establecidas no art. 16.4, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas no prazo máximo de cinco (5) días hábiles, a partir do día seguinte á publicación das presentes bases na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

seren seladas e datadas polo/a funcionario/a de Correos antes de seren certificadas

No caso de non presentar a instancia no rexistro do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: correo@carral.es , e con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da instancia na que conste o rexistro de entrada e a documentación, para os efectos de que poida ser incluída na relación de persoas admitidas.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación (orixinal ou copia electrónica):

-Copia do DNI ou a tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns/ás comunitarios/as.

- Copia da titulación esixida na base 2.c)

-Certificado de discapacidade (no seu caso) xunto co certificado de compatibilidade co posto de traballo asociado, así coma solicitude de adaptación de tempos e medios.

-Relación dos méritos que se acrediten por cada un dos apartados de que conste o concurso.

-Documentación acreditativa dos méritos alegados polas persoas aspirantes. Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias. Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente. Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

CUARTA.–PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

As presentes bases e a convocatoria correspondente ás mesmas publicaranse na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As demais comunicacións que deban efectuarse faranse a través da propia páxina web e do taboleiro de anuncios.

As relativas a resolución ou actos do Tribunal faranse públicas tamén través da páxina web e taboleiro de anuncios. A información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que as persoas aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.

QUINTA- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Trala finalización do prazo de presentación de solicitudes, o alcalde ou órgano no que delegue aprobará a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, xunto coa causa da súa exclusión, que será exposta na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo tribunal, no prazo de dous días hábiles, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.

No caso de presentar a alegación fóra do Concello, a persoa aspirante deberá dirixir ao enderezo electrónico: correo@carral.es , con anterioridade ao remate do prazo, unha copia da alegación rexistrada, xunto coa documentación que achegue.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións. De haber reclamacións e resoltas estas, o alcalde aprobará a lista definitiva que se exporá na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello. Na resolución pola que se aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas fixarase a data, hora e lugar de realización da proba da fase de oposición, así como a constitución do tribunal, quedando convocadas as persoas aspirantes para a realización desta proba coa exposición desta resolución.

Contra a resolución do alcalde, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta resolución (artigo 124, da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou ben recurso contencioso -administrativo perante o Xulgado do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Contencioso- Administrativo, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso -administrativa.

SEXTA.-COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por catro persoas titulares e catro suplentes, presidente/a, dous vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de persoas aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros. A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando conorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Réxime Xurídico do Sector Público.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do proceso selectivo convocado serán determinados polo alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as e a composición do tribunal, que se publicará na web do Concello e no taboleiro de anuncios.

SÉTIMA.–PROCESO SELECTIVO.

O sistema de selección é o de CONCURSO-OPOSICIÓN que consistirá na realización das fases que se refiren a continuación.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

As persoas aspirantes serán convocadas en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito aqueles que non comparezan, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas discrecionalmente polo Tribunal.

As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren os exercicios provistos do D.N.I., ou



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daquela.

Comezada a práctica do exercicio, o tribunal poderá requiririlles en calquera momento ás persoas aspirantes que acrediten a súa identidade.

A publicación dos resultados obtidos por cada persoa aspirante en cada un dos exercicios, así como o anuncio convocando as persoas aspirantes para a celebración de cada exercicio, farase exclusivamente no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e web do Concello www.carral.es.

1.ª fase: oposición.

Consistirá na realización do seguinte exercicio:

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en expoñer oralmente en sesión pública ante o Tribunal, un caso práctico, durante un tempo máximo de 30 minutos, que será elixido polos/a candidato/a entre dous propostos polo tribunal relacionados coas funcións a desenvolver.

Antes de iniciar a exposición, a persoa aspirante dispoñerá dun tempo máximo de 10 minutos para a realización dun esquema ou guiión dos temas que vai desenvolver.

Rematada a exposición de calquera dos temas, o Tribunal poderá convidar á persoa aspirante a retirarse se apreciase unha manifesta deficiencia na exposición, do que deixará constancia na acta que se levante de cada sesión.

O Tribunal non poderá valorar a exposición daquelas persoas aspirantes que deixasen sen desenvolver en absoluto algún dos temas. Así mesmo, rematada a exposición de todos os temas, o Tribunal poderá abrir un diálogo coa persoa aspirante, por un tempo máximo de dez minutos, sobre cuestións relacionadas cos temas desenvolvidos ou de índole profesional relacionados co posto, quen deberá contestar as aclaracións que soliciten ou observacións que formulen os membros do Tribunal. Neste exercicio valorarase o volume e comprensión dos coñecementos, a claridade de ideas e a capacidade de expresión oral.

O exercicio será cualificado de 0 a 60 puntos sendo necesario acadar un mínimo de 30 puntos para superalo. As persoas aspirantes que non acaden dita puntuación serán eliminadas. Unha vez realizado



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

o primeiro exercicio e trala avaliación do mesmo, o Tribunal Avaliador procederá á publicación das cualificacións outorgadas no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do Concello.

2.^a fase: concurso.

A fase de concurso consistirá na valoración ás persoas aspirantes que superaron a fase de oposición. Valorarase ata un máximo de 40 puntos.

A estes efectos, o Tribunal Avaliador reunirse en sesión non pública para proceder á súa valoración. Soamente teranse en conta os documentos acreditativos que aqueles/as presentasen ata o peche do prazo da convocatoria, sen que poidan presentarse méritos en período de corrección.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados os méritos que non queden debidamente acreditados en todos os seus extremos no momento de finalización do prazo de presentación de instancias.

Con todo, non será necesario presentar documentos que xa se atopen en poder desta Administración, o cal deberá ser alegado expresamente pola persoa aspirante.

a) Titulación académica / Formación superior.

Por titulación de posgrao, doutorado ou másters relacionados co contido e funcións do posto de traballo, deberá acreditarse pola presentación do título ou certificado emitido polo organismo correspondente (orixinal ou copia compulsada):

- Título de doutoramento: 10 puntos.
- Título de máster: 5 puntos.
- Título de posgraduado: 2,5 puntos.

Cando se aleguen equivalencias de títulos achegarse, no seu día, certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar debidamente homologados polo Organismo competente. O máximo de puntuación por este apartado será de 10 puntos.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

b) Experiencia profesional.

Por servizos prestados en calquera Administración Pública ou empresa privada en prazas da mesma categoría que a convocada, a razón de 0,30 puntos por cada mes completo traballado. A experiencia laboral acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social acompañado dos contratos de traballo ou dun certificado da Administración Pública de procedencia onde conste, entre outros extremos, a titularidade da praza e o posto desempeñado coas súas datas de inicio e de fin.

A non presentación de ámbolos dous documentos suporá a non valoración do mérito alegado.

O máximo de puntuación por este apartado será de 20 puntos.

c) Cursos de formación e perfeccionamento.

Pola acreditación de asistencia a cursos específicos de formación e perfeccionamento expedidos por organismos oficiais (Administracións Públicas, Universidades, etc) ou debidamente homologados por estes e sempre que se atopen directamente relacionados coa praza obxecto da presente convocatoria:

- Por cursos de duración comprendida entre 20 e 50 horas: 0,20 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 51 e 75 horas: 0,40 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 76 e 100 horas: 0,60 puntos.
- Por cursos de duración comprendida entre 101 e 150 horas: 1 punto.
- Por cursos de duración comprendida entre 151 e 300 horas: 1,50 puntos.
- Por cursos de máis de 300 horas: 2 puntos.

A acreditación da formación realizarase mediante o correspondente certificado da súa realización expedido pola EGAP, Universidade ou calquera Administración Pública, organismos da administración e institucións públicas ou debidamente homologadas por esta.

Non serán obxecto de valoración os certificados expedidos por academias privadas senón se xustifica



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

a homologación sinalada.

No caso de que as certificacións non especifiquen o número de horas de duración, ou no caso de cursos de duración inferior a 20 horas non se concederá puntuación algunha.

O máximo de puntuación por este apartado será de 5 puntos.

d) Cursos administrativos de lingua galega e certificados de lingua galega CELGA.

- Polo título de linguaxe administrativa superior: 5 puntos.
- Polo título de linguaxe administrativa media: 2,50 puntos.

O máximo de puntuación por este apartado será de 5 puntos.

OITAVA.- ORDENACIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

A orde de clasificación definitiva das persoas aspirantes será o resultado de sumar as puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso e a lista resultante, ordenada de maior a menor puntuación, publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello.

No caso de empate resolverase a favor das persoas aspirantes que obtiveran maior puntuación na primeira parte e de manterse a igualdade, a favor das persoas aspirantes que obtiveran maior puntuación no apartado de experiencia profesional e de persistir o empate ás persoas que tiveran máis puntuación no apartado de formación complementaria.

O tribunal poderá declarar deserta a praza obxecto da presente convocatoria que non resulte cuberta á súa finalización por non superar o proceso selectivo un número suficiente de aspirantes.

Todas as persoas aspirantes dispoñerán dun prazo de tres días hábiles, desde o día seguinte á publicación deste anuncio, para efectuar as reclamacións ou observacións oportunas contra a mencionada lista.

Tras resolver, no seu caso, as reclamacións, o órgano de selección elevará ao Alcalde a proposta definitiva, por orde de puntuación, das persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo e a proposta coa persoa a contratar.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

A resolución final publicarase na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello, con indicación de todas as persoas integrantes, a orde de prelación e a puntuación obtida.

NOVENA.- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POR PARTE DA PERSOA ASPIRANTE PROPOSTA.

A persoa candidata finalista que fose proposta polo Tribunal para ocupar o posto convocado deberá achegar, no prazo de dous días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación da proposta do Tribunal, os documentos acreditativos dos requisitos esixidos para cubrir as prazas convocadas, que serán os indicados na base segunda da presente convocatoria así como fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e certificación de conta bancaria.

A falta de presentación en prazo da documentación esixida será equivalente a unha renuncia chamando ao/á seguinte candidato/a na lista.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e, previa fiscalización preceptiva da intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. alcalde do Concello e o/a aspirante seleccionado/a .

Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ao posto, o/a aspirante non terán dereito a percepción económica algunha. Despois percibirá un salario bruto mensual de 2.042,22€ máis a parte proporcional da paga extraordinaria.

O período de proba que se establecerá no contrato será o máximo legal, sendo motivo de extinción do contrato o non superalo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NORMAS FINAIS

Primeira.–Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei reguladora das bases de réxime local, Lei de administración local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.—Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.—Contra as presentes Bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Carral, na data da sinatura dixital

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

ANEXO I

MODELO DE SOLICITUDE

PROCEDEMENTO	INSCRICIÓN PROCESO SELECTIVO ARQUITECTO/A
NOME E APELIDOS	
DNI	
ENDEREZO	
TELÉFONO CONTACTO	
CORREO ELECTRÓNICO	

A PERSOA SOLICITANTE DECLARA QUE CUMPRE OS REQUISITOS SINALADOS NA BASE 2 DAS QUE REXEN ESTE PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN POSTO DE ARQUITECTO/A (PERSOAL LABORAL), DURANTE SEIS MESES A XORNADA PARCIAL, E QUE OS DATOS CONSIGNADOS SON CERTOS.

SOLICITA

Participar nas probas selectivas ás que se refire a presente solicitude e achegar a seguinte documentación (orixinal ou copia electrónica):

0 DNI ou documento identificativo.

0 Titulación.

0 Certificado de discapacidade (no seu caso).

0 Relación dos méritos que se acrediten

0 Documentación acreditativa dos méritos alegados



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.I.F.: P-1502100 I

Asinado: